

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE XUÑO DE 2024

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de xuño de 2024, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 10, 17, 24 de abril, 2, 8, 15, 23 e 29 de maio de 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordase a aprobación das seguintes licenzas urbanísticas: para construción de edificación comercial con distribución polo miúdo de produtos petrolíferos na rúa Xacobo Durán Loriga (exp. 2023/Y001/000296) e para legalización de obras de adecuación de local, con instalación de ascensor e construción de escaleiras, para modificación e ampliación de actividade comercial existente polo miúdo de artigos de regalo e confección, con licenza anterior 439/07, na rúa San Roque, números 157-161-165, e rúa Rei Don García, números 26-28 (exp. 2024/Y001/000030).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

2. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización tributaria exp. denegación procedemento 2020/y001/000290 de licenza urbanística para ampliación de explotación en san Xoán do Campo, e procedemento 2021/Y001/000190 de licenza urbanística para modificación de ampliación de explotación en San Xoán do Campo.

Tamén se acorda aprobar a solicitude de bonificación da taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente á solicitude de licenza urbanística para execución de restauración do cubo XVIII e lenzo interior LXXI da Muralla Romana, sita na Ronda da Muralla, ao realizarse as devanditas obras na área de influencia do Camiño Primitivo de Santiago.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac8053392397971329575.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-6-2024

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a apertura de novo prazo de licitación para a ocupación de postos vacantes no ano 2024 con suxeición ás bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local núm. 30/509, do 5 de xullo de 2023, no expediente de autorización da instalación en dominio público da caseta e caldeiro nº 2 durante as festas de San Froilán 2024 (exp. 2023-C005-000006).

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de acondicionamento do contorno urbano entre as rúas de Cidade de Viveiro e Frei Plácido Rei Lemos, Lugo, exp. ref. 2023/C002/000013.

Acórdase a prórroga do contrato dende o 15/06/2024 ata o 14/06/2025 no expediente de contratación do servizo de soporte, mantemento e actualización de contidos e de software da plataforma de venda de entradas do concello de Lugo (exp. ref. 2023/C003/000005).

4. FOMENTO.- Acórdase aprobar o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o club voleibol emeve Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados do evento campionato de España Voleibol Infantil Masculino Lugo.

Tamén se aproba o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e o club piragüismo cidade de Lugo co obxecto de colaborar nos gastos derivados do LXVII descenso internacional del Miño, ano 2024.

Así mesmo, acórdase o Convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a entidade Maderas Besteiro para a celebración do Arde Lucus 2024.

Acórdase a aprobación do Convenio de colaboración entre o excmo. concello de Lugo e a Entidade Ute Ecolugo para a celebración do Arde Lucus 2024.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

5. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase aprobar a autorización de uso en precario do local nº 7 (local vacante) no equipamento público da “Casa María Mariño de asociacións de interese social” á Asociación corazóns artesanais.

ÁREA DE GOBERNO DE TRANSICIÓN ECOLÓXICA

6. MEDIO AMBIENTE.- Acórdase a terceira convocatoria pública de outorgamento de autorizacións habilitantes para a ocupación e uso dos hortos urbanos municipais situados no parque de Paxariños, ano 2024. renuncia de 5

adxudicatarios dos hortos urbanos.

ÁREA DE GOBERNO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

7. XUVENTUDE.- Acórdase aprobar o plan de autoprotección do Arde Lucus 2024.

Fóra da orde do día

- Acórdase a adxudicación da contratación do servizo de elaboración do Plan de Marketing turístico enmancado no PSTD de Lugo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.